

**BASES DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO “TERRAS DA CASTAÑA III” SUBVENCIONADO POLA ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2019 DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA OS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

**ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO**

**PRIMEIRA. Obxecto**

Estas bases teñen como finalidade determinar o sistema de selección, procedemento, requisitos e baremos que serán de aplicación como normas do procedemento de selección do alumnado traballador do “Obradoiro de Emprego Terras da Castaña III” de conformidade co previsto nos artigos 10 e 11 da Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na regulación deste procedemento de selección tense en conta ademais o establecido na Circular número 53/2020, de data do 22/07/2020, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, sobre Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado -traballador dos Programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

Segundo o establecido nas instrucións, as entidades beneficiarias da subvención solicitarán ao alumnado- traballador que se necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego.

Estas bases deberán ser remitidas á xefatura territorial correspondente e expostas ao público no taboleiro de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como no taboleiro de anuncios e na páxina



web dos concellos de Vilariño de Conso, Riós e A Gudiña.

## **SEGUNDA. Requisitos para poder participar como alumnado-traballador.**

Os requisitos mínimos que deben cumprir as persoas candidatas preseleccionadas, son os seguintes:

- Ter dezaoito ou máis anos de idade
- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desenvolvemento das correspondentes funcións.
- Cumprir cos requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo R.D. legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e de conformidade co disposto na disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro.
- Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.



### TERCEIRA. Procedemento de selección.

A entidade promotora realizará a selección entre as persoas desempregadas remitidas pola oficina de emprego, que realizará a comunicación das persoas preseleccionadas.

A oficina de emprego de xestión realizará unha sondaxe que terá en conta aquelas persoas que teñan solicitado algúns dos seguintes servizos:

320: Escola taller programas

330: Casa de oficio

340: Taller de emprego

370: Outros programas de emprego formación dual

Como novidade, as ofertas tipo T preseleccionarán a demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 “suspensión específica programas experimentais de emprego”.

No correspondente ao ámbito xeográfico, a sondaxe abranguerá aos concellos de Vilariño de Conso, A Gudiña e Riós.

A oficina de emprego comunicará aos candidatos o lugar, data e hora en que se deberán presentar coa documentación acreditativa dos méritos sinalados nestas bases e para a realización da entrevista persoal.

As persoas aspirantes achegarán orixinais e fotocopias da seguinte documentación:

- Anexo I: Documento de autorización para a cesión de datos de carácter persoal.
- Anexo II: Declaración Responsable
- DNI ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Documentación acreditativa emitida polos Servizos Sociais do Concello correspondente de ter a consideración de vítima de violencia de xénero.
- Documentación acreditativa emitida polos Servizos Sociais do Concello ou resolución da consellería competente correspondente a ser perceptor de Risga (Renta de Integración Social de Galicia) ou pertencer a un

colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social.



- Documentación acreditativa de ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.
- Documentación acreditativa de non percibir prestación ou subsidio de desemprego e do último período de inscrición como demandante. (vida laboral actualizada do último mes ou certificado do SPEG.)
- Calquera outra documentación que se achegue como xustificación da situación do baremo puntuado nesta fase da selección.

#### **CUARTA.- Constitución, composición e funcións do tribunal.**

1. Constituirase un tribunal que estará formado por seis membros, integrado por un presidente, catro vogais e asistidos por un secretario que actuará con voz pero sen voto.

2. Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral de calquera administración pública.

3. Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición, de conformidade co establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.

4. O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

5. O tribunal non poderá constituírse nin actuar validamente, sen asistencia do presidente e secretario/a e como mínimo un vogal, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes.

6. O réxime xurídico aplicable ó tribunal será o que se establece para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

7. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao

órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas nas leis.

#### **QUINTA. Resolución do proceso selectivo e contratacións.**



1. O tribunal elaborará en primeiro lugar a listaxe coas puntuacións correspondentes á entrevista persoal.

A acta cos resultados será publicada e exposta nos taboleiros da oficina de emprego e no taboleiro de anuncios e páxina web dos Concello de Vilariño de Conso, Riós e A Gudiña.

Nunha nova reunión o tribunal procederá á valoración segundo o baremo de puntuación da documentación aportada dos candidatos, a cal se publicará nunha acta provisional. Na antedita acta constará un prazo de 2 día hábiles para os efectos de reclamacións contra as valoracións provisionais ou a exclusión do proceso. Para non demorar a resolución do proceso, os escritos de reclamacións presentaranse nas oficinas do Concello de Vilariño de Conso ou na oficina de emprego de Viana do Bolo.

2. Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal publicará o nome dos candidatos propostos para o nomeamento, por orde de puntuación acadada e con indicación da cualificación obtida.

3. De acordo coa relación, elevarase á alcaldesa, ademais da acta da sesión, a devandita proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados. A alcaldesa nomeará ós aspirantes seleccionados, e efectuarase a formalización do correspondente contrato laboral.

4. En ningún caso o tribunal de valoración poderá propor para a contratación un maior número de aspirantes que prazas convocadas.

5. Cos aspirantes que superasen as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade a finalización do servizo, substituírse polo traballador seguinte na lista.

6. Para efectuar esta proposta, o tribunal de selección poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.


## **SEXTA. Baremos do proceso selectivo.**

Segundo os criterios establecidos no artigo 11 da da Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se



establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia os méritos que se valorarán son os seguintes:

1. Mulleres (máximo 2 puntos):
  - En xeral..... 1 punto.
  - Víctimas de violencia de xénero..... 1 punto.
2. Idade: máximo 3 puntos)
  - 18-29 anos.....2 puntos.
  - 30-44 anos.....1 punto
  - 45 ou mais anos.....3 puntos.
3. Discapacidade: (máximo 1 punto)
  - Minusvalía > 33%..... 1 punto.
4. Protección por desemprego: (máximo 1 punto)
  - Non percibir prestación ou subsidio.....1 punto.
5. Parados de larga duración: (máximo 1 punto)
  - Máis de 12 meses.....1 punto.
6. Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social: (máximo 1 punto)
  - Perceptores da RISGA e outros colectivos.....1 punto.
7. Emigrantes retornados. (máximo: 1 punto)
8. Nivel de cualificación profesional . (máximo: 3 puntos)
  - Baixa (que non posúan un carnet profesional, certificado de profesionalidade 2 ou titulación superior) .....3 puntos.
  - Media (que non posúan certificado de profesionalidade 3 ou ciclo formativo de grado medio) .....2 puntos.
  - Alta (que posúan ciclo formativo de grado superior ou titulación universitaria).....1 punto.
9. Persoas que non participarán anteriormente en obradoiros de emprego.....4 puntos.
10. Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación neste programa.....3 puntos.



Cod. Validación: XNJCSSZF3PAET5PW7K63AFT | Corrección: <https://vitarinodetconso.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 11



11. Entrevista persoal (máximo 10 puntos): ten como finalidade avaliar o interese do candidato en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo que se trate.

A distribución dos postos correspondentes a cada concello participante será:

- A Gudiña:7
- Riós: 8
- Vilariño de Conso:5

Se nalgún concello non se chega o mínimo dos candidatos, ocuparase dita praza polo orde de puntuación.

**Ocuparán o último lugar na prelación, de acordo coa antedita distribución, as persoas candidatas que tiveran participado nalgún obradoiro de emprego nas dúas últimas convocatorias.** En todo caso, os candidato/as non poderán cursar unha especialidade formativa que xa teñan superada.

As persoas candidatas cumprimentarán un cuestionario de datos relativos a súa situación profesional, laboral e de empregabilidade, que terá o valor de declaración presunción de veracidade. De comprobarse o falseamento dos datos poderase determinar a súa exclusión do proceso de selección.

### **SÉTIMA: Criterios para dirimir empates**

Os posibles empates que resulten da aplicación do baremo resolveranse aplicando os seguintes criterios:

- Non tiveran participado en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego ou tiveran participado un menor número de veces.
- Non teñan experiencia laboral ou a que teñen sexa menor.
- Non teñan cualificación ou a súa cualificación sexa de menor nivel.
- Parados de longa duración.
- Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.



Serán propostos para participar no Obradoiro aquelas persoas que acaden maior puntuación como resultado do proceso de selección ata o número de prazas convocadas. As restantes formarán a listaxe de reservas, que estará vixente ata a data de inicio do proxecto.

De conformidade co artigo 14 da Orde de convocatoria, as incidencias e reclamacións serán resoltas polo tribunal. As súas resolucións poñen fin a vía administrativa, tendo tal carácter as listaxes definitivas.

### **OITAVA: Recursos.**

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

### **NOVENA: Tratamento de datos de carácter persoal.**

De acordo coa Lexislación de Protección de Datos vixente; Regulamento 2016/679, de 27 de abril de 2016 (RGPD), os datos persoais dos/das aspirantes serán obxecto de tratamento, baixo responsabilidade do Concello de Vilariño de Conso. De forma que, pasarán a formar parte dos ficheiros do Concello co fin de integrarse na Convocatoria de Emprego Temporal xerada por esta entidade. Os datos non serán tratados por terceiros nin cedidos sen consentemento explícito do interesado/a, salvo obrigación ou previsión legal de cesión a outros organismos con competencias na materia. Ó fío do anterior, as persoas integrantes da Convocatoria están obrigadas a manter os seus datos persoais convintemente actualizados e comunicar calquera cambio dos mesmos, especialmente aqueles que posibiliten a súa localización, en virtude do artigo 16 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Mediante instancia dirixida ó Concello de Vilariño de

Conso expondo, no caso de ser necesarios, os fundamentos xurídicos da súa solicitude, poderá o/a interesado/a exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión oposición ou limitación do tratamento, mediante escrito dirixido ó Concello de Vilariño de Conso-Rúa do Museo nº 3 (32557) Vilariño de Conso (Ourense) ou a través do correo electrónico [concello.vilarinodeconso@eidolocal.es](mailto:concello.vilarinodeconso@eidolocal.es), supondo a solicitude de cancelación e oposición a renuncia expresa á Convocatoria da que é integrante.





En Vilariño de Conso,  
A ALCALDESA,

Asdo: Melisa Macía Domínguez  
(documento asinado dixitalmente á marxe)

**ANEXO I:  
DOCUMENTO DE AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE DATOS DE  
CARÁCTER PERSONAL**

- NOME:



- DNI:
- DIRECCIÓN:
- TELÉFONO:

**AUTORIZO** ó Concello de Vilariño de Conso como entidade promotora do Obradoiro de Emprego “Terras da Castaña III” a incorporación e publicación dos datos persoais facilitados:

- Na web municipal
- Nos Taboleiros de anuncios dos Concellos integrantes do Obradoiro.
- Oficina de Emprego de Viana do Bolo.

A presente autorización pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ó Concello de Vilariño de Conso.

DEBERASE ASINAR a presente autorización polo solicitante

Asdo. : \_\_\_\_\_

## ANEXO II: MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./Dna....., con  
DNI ....., declaro que reúno os requisitos necesarios para  
contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha  
causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación



vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no proceso selectivo do “Obradoiro dual de emprego TERRAS DA CASTAÑA III” asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en  
Vilariño de Conso a ,.....de.....de 2020.

(Asinado polo/a interesado/a)

